



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 22 DE FEBREIRO DE 2018.

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e dous de febreiro de dous mil dezaioito, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D.^a María Begoña Calviño Dorado

D. José Ramón Lorenzo Carou

D.^a Patricia María Vázquez Figueroa

Grupo municipal SON de Bergondo-Anova

D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)

D. Eloy Babío Veiga

Grupo municipal de Veciños de Bergondo (VB)

D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo (voceira)

D.^a Alicia María Souto Ramos

Grupo municipal do Partido Popular (PP)

D. Yago Lage Caramelo (voceiro)

D. José Angel Vieiro Amor

Concelleira non adscrita:

D.^a Antonia María Sanjurjo Seijas

Excusan a súa asistencia:

D. Francisco Javier Santos Maseda

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro

Foron asistidos pola interventora municipal, D.^a Laura Gutiérrez Ortiz, e polo secretario, D. Federico Suárez Cancelo.

ORDE DO DÍA:

- 1. APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 25 DE XANEIRO DE 2018.**
- 2. DAR CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE -4º TRIMESTRE 2017-**
- 3. DAR CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2017.**
- 4. MODIFICACIÓN DA DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE MARZO. ACORDOS QUE**



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

PROCEDAN.

5. MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE RELATIVA AOS CONTRATOS DE OBRAS. ACORDOS QUE PROCEDAN.

6. DELEGACIÓN NA XUNTA DE GALICIA DA COMPETENCIA PARA A SELECCIÓN E FORMACIÓN DE POLICÍAS LOCAIS E AUXILIARES. ACORDOS QUE PROCEDAN.

7. MOCIÓN INSTITUCIONAL PARA DECLARAR O 24 DE FEBREIRO DÍA DE ROSALÍA NO NOSO CONCELLO.

8. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE, PARA A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE MODIFICACIÓN DA LEI GALEGA DE SAÚDE DO ANO 2008. ACORDOS QUE PROCEDAN.

9. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

10. ASUNTOS URXENTES.

11. Rogos e preguntas

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 25 DE XANEIRO DE 2018.

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria do día 25 de xaneiro de 2018, través de documento remitido por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular a dita acta.

Non formulándose observacións, posta a aprobación a actas da sesión ordinaria do día 25 de xaneiro de 2018, por unanimidade de votos a favor (once), apróbase a referida acta.

2. DAR CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE -4º TRIMESTRE 2017-

Dáse conta aos/ás asistentes do informe sinalado neste punto da Orde do día, e que foi remitido aos Sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

3. DAR CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2017.

Dáse conta aos/ás asistentes do informe sinalado neste punto da Orde do día, e que foi remitido aos Sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

O Pleno queda enterado.

4. MODIFICACIÓN DA DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE MARZO. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 19 de febreiro de 2018, que transcrita literalmente di:

"Logo de ver que o Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 7/07/2015 adoptou o seguinte acordo referido á periodicidade das sesións plenarias:

"PRIMEIRO. As sesións plenarias ordinarias terán unha periodicidade mensual, celebrando as sesións ás 20:30 horas do derradeiro xoves hábil de cada mes, agás no mes de agosto que non se realizará sesión e no mes de decembro, que adiantarase ao xoves anterior á semana dos festivos do Nadal. No caso de que a devandita data coincida con día festivo, celebrarase Pleno ordinario o inmediato día hábil anterior á data correspondente, á mesma hora.

SEGUNDO.- Facultar á sra. Alcaldesa, previa consulta cos voceiros de todos os grupos municipais, e por razóns debidamente xustificadas, para alterar o horario establecido no punto primeiro do presente acordo."

Considerando que o vindeiro Pleno debería celebrarse o mércores 28 de marzo de 2018 ao ser o xoves día 29 festivo por mor da Semana Santa. Considerando que por razóns de operatividade resulta mais axeitado a celebración do citado pleno ordinario o xoves día 22 de marzo de 2018, pola presente propoño que o Pleno da Corporación adopte o seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Modificar a data de celebración do Pleno Ordinario correspondente ao mes de marzo de 2018 de tal xeito que este se celebre o día 22 de marzo de 2018.

Segundo: Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

Non obstante o Pleno da Corporación acordará o que considere oportuno.

En Bergondo, asinado dixitalmente pola Alcaldesa."

Trala correspondente deliberación, e non producíndose intervencións, sométese a proposta a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total once (11) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

5. MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE RELATIVA AOS CONTRATOS DE OBRAS. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa do día 19 de febreiro, que transcrita literalmente di:



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

"Con data 7 de xullo de 2015, o Pleno da Corporación procedeu a adoptar o acordo de constituír con carácter permanente a Mesa de contratación para asistir ao órgano de contratación na adjudicación dos contratos de obra por procedemento aberto, restrinxido e negociado con publicidade do artigo 177.1 do TR da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP), en todos os expedientes de este tipo que se incoen no Concello de Bergondo, de conformidade co establecido no artigo 320 do citado TRLCSP.

O próximo 9 de marzo de 2018 entrará en vigor a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que na súa Disposición Adicional Terceira punto 7 establece que "os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderá supoñer mais dun terzo do total de membros da mesma" e igualmente establece que so poderán formar parte da Mesa funcionarios interinos cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así quede acreditado no expediente.

Considerando que no caso das Mesas de Contratación de Obras do Concello de Bergondo está plenamente xustificado a necesidade de incluír na mesma como vocal ao Arquitecto Municipal que ten a condición de funcionario interino, xa que de non incluírse so se contaría co Arquitecto Técnico (funcionario de carreira) o que imposibilitaría a celebración das mesas no caso de vacacións, baixas ou imposibilidade de acudir por parte do Arquitecto Técnico, polo que non se conta con persoal suficientemente cualificado entre os funcionarios de carreira. Igualmente resulta recomendable que a mesa de contratación conte cun número impar de membros a fin de evitar posibles situacións de empate.

Tendo en conta polo tanto que a citada Disposición Adicional Terceira no punto 7 establece que: "a Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas as funcións de control económico – orzamentario, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o número, en total sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer mais dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación." "En ningún caso poderán formar parte das Mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas, o persoal eventual. Poderá formar parte da Mesa persoal funcionario interino unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente."

Considerando que o artigo 326.1 da LCSP 2017 establece que "nos procedementos abertos, abertos simplificados, restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación, os órganos de contratación das Administracións Públicas estarán asistidos por unha mesa de contratación. Nos procedementos negociados en que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da mesa será potestativa para o órgano de contratación, salvo cando se fundamente na existencia dunha imperiosa urxencia prevista na letra b) 1º do artigo 168, no que será obrigatoria a constitución da mesa. Nos procedementos aos que se refire o artigo 159.6 será igualmente potestativa a constitución da mesa."

Tendo en conta que a designación dos membros da Mesa de contratación poderá realizarse de xeito permanente ou de xeito específico para a adjudicación de cada contrato.

A fin de adaptar a Mesa de contratación permanente de obras do Concello de Bergondo á nova normativa de contratación, propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguintes **acordo**:

Primeiro: Disolver a Mesa de contratación para asistir ao órgano de contratación na adjudicación dos contratos de obras creada por acordo plenario do Concello de Bergondo de data 7 de xullo de 2015.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Segundo: Constituír con carácter permanente a Mesa de contratación para asistir ao órgano de contratación na adxudicación dos contratos de obra por procedemento aberto, aberto simplificado, restrinxido, de diálogo competitivo, de asociación para a innovación e de licitación con negociación.

Así mesmo, a mesa asistirá ao órgano de contratación na adxudicación dos contratos de obra nos procedementos negociados nos que non sexa necesario publicar o anuncio de licitación.

Terceiro: Designar como integrantes da Mesa de contratación ás persoas que a continuación se relacionan:

Presidenta: A alcaldesa D^a. Alejandra Pérez Máquez ou concelleiro/a no/a que delegue.

Vogais: A secretaria xeral do concello.

A Interventora municipal.

O arquitecto municipal.

O arquitecto técnico municipal.

Secretario/a: a funcionaria administrativa do concello, adscrita ao Servizo de Secretaría que actuará con voz pero sen voto.

O órgano de contratación poderá designar os asesores especializados que resulten necesarios, os cales actuarán con voz pero sen voto.

Cuarto: Para a adxudicación de contratos doutro tipo, nomearase unha mesa específica para cada un deles.

Quinto: O presente acordo producirá efectos para todas aquelas licitacións iniciadas a partir do 9 de marzo de 2018.

Sexto: Publicar a composición desta mesa permanente no Perfil do contratante do Concello de Bergondo e a fin de conseguir unha maior difusión e considerando o asunto de especial interese público publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia ao amparo do previsto no artigo 51.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non obstante, o Pleno decidirá o que crea convinte.

En Bergondo asinado dixitalmente pola Alcaldesa."

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: como lles comentaba o outro día na Comisión Informativa, é unha modificación que debemos facer en base a esa modificación da Lei de contratos, dicimos tamén que as Mesas de contratación na maior parte xa son públicas, e que polo tanto todos os membros da Corporación que desexen asistir pois obviamente poden facelo, incluso na parte onde non é pública entendiamos que si, que ademais poderán estar igualmente os voceiros ou os suplentes en quen deleguen, e trataremos de enviar un correo electrónico pero que non haberá unha convocatoria formal, xa que realmente non formarán parte realmente do que é a Mesa de contratación.

En canto a unha cuestión que se manifestaba o outro día, se o día de mañá hai mais funcionarios que poidan formar parte da Mesa de contratación, entón nese caso tamén se verá esa posible modificación que se poida producir no seu momento.

En todo caso, esta é a Mesa de contratación permanente, a que temos aprobada no seu día; saben vostedes que as Mesas específicas dos contratos de Cultura, de Servizos Sociais, praias, etcétera..., conlevan na aprobación do propio Prego a composición da Mesa, que terá que seguir estes mesmos ratios, pero que en todo caso serán cuestións que o día de mañá se se teñen que modificar obviamente se terán que modificar.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. voceira de VB: creo que esta última parte non ha comentamos o outro día, se non me equivoco, na Comisión informativa. O tema das Mesas específicas para eses contratos.

Sra. alcaldesa: si.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Sra. voceira: esa Lei afecta tamén á composición de esas Mesas, con esa aplicación estaríamos os cinco membros que nomean vostedes agora, ou que propoñen, sería como máximo un político, un coma seis que sería un.

Sra. alcaldesa: si

Sra. voceira: é dicir, que para esas que vai facer? vai convocar cada Mesa e vai dicir que político vai asistir a esas Mesas en concreto?

Sra. alcaldesa: é que dependerá tamén de composición técnica que teñan; e esa é unha cuestión que non podemos avanzar, habitualmente tiñan o mesmo número de técnicos que de políticos, porque ven ese acordo a Pleno? porque este xa é ao día de hoxe un acordo plenario, a Mesa permanente de obras, as outras Mesas non son unha cuestión plenaria, non hai un acordo plenario, si que é certo que para que sexan válidas cando se constitúan e cando si haxa un contrato..., que agora mesmo non lle sei dicir o próximo contrato que está ao vencemento, non o teño agora en mente, pero o que é bastante habitual e vostedes saben que nunha mesa onde esteamos licitando o Servizo de Axuda no Fogar, por poñer un exemplo, non está presente o arquitecto nin o arquitecto técnico, por poñer un exemplo, si están igualmente Secretaría, Intervención, e estarían por exemplo, as Traballadoras sociais, é dicir, substituímos a parte técnica do arquitecto pola parte técnica dese caso; polo tanto haberá que velo no seu momento, en todo caso a proporción terá que seguir sendo sempre a mesma, e a posibilidade de asistir á Mesa, que son públicas, pois estamos outra vez no mesmo. Por iso non entendo moi ben a súa dúbida.

Sra. voceira: cando nos convoque para un contrato específico, poñamos ese de Axuda no Fogar, vaise ter que manter tal e como estamos agora, porque aínda que vostede me cambie os funcionarios polos técnicos ao final son cinco.

Sra. alcaldesa: seguramente, claro.

Sra. voceira: digamos que seguimos tendo dereito a que haxa un político nesa Mesa.

Sra. alcaldesa: nesa Mesa quen será o político que presida, pois poderá ser a alcaldesa ou...

Sra. voceira: a alcaldesa xa está....

Sra. alcaldesa: non...

Sra. voceira: a alcaldesa entra nos cinco, ten que ser a maiores un...

Sra. alcaldesa: non, iso é igual que agora, a alcaldesa preside e non hai mais técnicos....., pero igualmente a alcaldesa preside, ou o concelleiro no que delegue; ao día de hoxe se a alcaldesa non está e delega unha Mesa de obras nun concelleiro que sexa, será o que presida, pois o mesmo pasará nunha Mesa de Servizos Sociais se non está a alcaldesa presidindo pois será neste caso a concelleira de Benestar Social, que sería o mais lóxico.

Sra. voceira: polo tanto o único político que irá nesa Mesa será un político do PSOE...

Sra. alcaldesa: ou do grupo do goberno...

Sra. voceira: ou da Anova, efectivamente.

Sra. alcaldesa: vale, iso agora mesmo...

Sra. voceira: pero non vai haber oportunidade que os políticos da oposición teñan...

Sra. alcaldesa: formen parte da Mesa, eu xa o dicía o outro día, con esta composición, con esta nova Lei é difícil...

Sra. voceira: vólvolle a repetir, con esta nova Lei vostede ten a posibilidade de nomear a un político, un, e non ten porque ser sempre do equipo de goberno; se vostede está como presidenta o seu é que estea alguén da oposición....

Sra. alcaldesa: pois como comprenderá, obviamente imos nomear alguén do equipo de goberno, ese é o acordo que se trae, o acordo plenario.

Sra. voceira: vostede está dicindo que deixa a Mesa en cinco persoas, onde se encontra vostede e non pon de políticos a ninguén, neste acordo non hai ningún político.

Sra. alcaldesa: señora concelleira, eu son política...

Sra. voceira: pero vostede xa forma parte como presidenta...

Sra. alcaldesa: non...

Sra. voceira: é dicir, que o que nos propón é que o único político que estea nas Mesas coa nova Lei sexa vostede, é dicir, o PSOE, ou Anova...

Sra. alcaldesa: señora concelleira, se me considera política porque o son, non me pode meter no grupo...

Sra. voceira: pois mais ao meu favor, a proposta que nos trae hoxe aquí é que nesas cinco membros, como xa entra vostede como político xa non entra ningún político mais....



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Sra. alcaldesa: claro, esa é a proposta, que non hai cabida para mais, será a Presidencia ou en quen delegue, en cada unha das mesas, claro. Por iso digo que ao día de hoxe as Mesas de contratación son abertas, é dicir son públicas, con mais motivo para que os membros da Corporación asistan á Mesa, xa digo, aínda con mais motivo, e poderán facer consultas e por suposto acceder aos expedientes, sen lugar a dúbidas.

Sra. voceira: de todas maneiras, vostede manifesta *trataremos de enviar un correo electrónico...* polo menos non me diga trataremos, comprométase...

Sra. alcaldesa: a ver, eu me comprometo, pero si que é certo que cando as cuestións non dependen dunha exclusivamente, senón do funcionario que ten unha forma de traballar para unha convocatoria, a ninguén se lle esquece, por iso digo, procuraremos... porqué eu recordarei que se convoque igualmente por correo electrónico para que se avise aos concelleiros...

Sra. voceira: entón contamos con que nos vai avisar por correo electrónico.

Sra. alcaldesa: si, esa é a instrución que eu darei.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a proposta a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSDG-PSOE: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dúas (2) abstencións; grupo municipal do Partido Popular: dúas (2) abstencións; concelleira non adscrita: unha (1) abstención. **Total seis (6) votos a favor e cinco (5) abstencións.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobada, por maioría de votos a favor** a proposta que devén en acordo nos termos antes transcritos.

6. DELEGACIÓN NA XUNTA DE GALICIA DA COMPETENCIA PARA A SELECCIÓN E FORMACIÓN DE POLICÍAS LOCAIS E AUXILIARES. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa do día 19 de febreiro, que transcrita literalmente di:

"Logo de ver o Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local (DOG nº 222 do 22/11/2017), que regula no seu artigo 2 a posibilidade de que, conforme establece o número 7 do artigo 32 da Lei 4/2007, do 20 de abril, a Xunta de Galicia poda asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración.

Logo de ver o convenio tipo proposto pola Xunta de Galicia para a delegación desta competencia e que a mesma non suporá ningunha obriga económica para o Concello de Bergondo, xunto coa non existencia no Concello de persoal suficiente cos coñecementos axeitados para a formación de Tribunais de selección (titulares e suplentes) o que obrigaba en moitas ocasións a ter que solicitar persoal a outros organismos para completar a formación de tales tribunais.

Considerando que o feito de que a Xunta de Galicia asuma esta competencia suporá un aforro de tempo e liberará da carga de traballo que supón a tramitación de procedementos de selección, ao persoal municipal xa de por si sobrecargado de traballo.

Logo de ver o informe favorable emitido polo Secretario do Concello con data de 14/02/2018, proponho ao Pleno da Corporación, que previo ditame da Comisión Informativa adopte o seguinte ACORDO:



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Primeiro.- O Concello de Bergondo delega na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local deste Concello, por todo o tempo de vixencia do convenio que mais adiante se aproba.

Segundo.- Instrumentar a delegación polo Concello Bergondo na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local e as prazas de auxiliares de policía local mediante a aprobación e sinatura do Convenio que mais adiante se sinala.

Terceiro.- Aprobar o "*Convenio tipo para a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixilantes municipais*".

O texto do Convenio que se aproba se inclúe como Anexo ó presente acordo.

Cuarto.- Facultar á Sra. Alcaldesa para a sinatura deste convenio en representación do Concello de Bergondo a realización de cantos actos de xestión e trámite sexan necesarios en orde á execución deste acordo.

Quinto.- Notificar o presente acordo á Academia Galega de Seguridade Pública.

ANEXO:

CONVENIO TIPO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL E AS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL OU AS PRAZAS DE VIXILANTES MUNICIPAIS

Santiago de Compostela, ... de ... de ...

REUNIDOS

DUNHA PARTE, D. Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública, actuando en nome e representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude das competencias que ten atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no artigo 8 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública e no artigo 2.2. do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local

DOUTRA, ..., titular da Alcaldía - Presidencia do Concello de..., actuando en nome e representación deste en virtude das competencias que ten atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e facultado para a sinatura deste convenio polo Pleno do Concello, segundo acordo adoptado na sesión de ..., en cumprimento do previsto no artigo 22.1.p) en relación co 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de réxime común]/123.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de gran poboación].

Recoñecéndose ambas as dúas partes con capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento deste convenio, EXPOÑEN:



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

I.-A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 32.7 que “a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acordan mediante os oportunos convenios de colaboración”.

En desenvolvemento desta previsión, o artigo 2.2 do Decreto 115/2017 establece que “a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes dos seus corpos de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou dos postos de vixilantes municipais, de non existir no concello corpo de Policía local, requirirá a celebración do oportuno convenio a través da consellería competente en materia de seguridade”.

II.-Dentro do devandito marco regulador, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da súa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Academia Galega de Seguridade Pública, desexa cooperar activamente cos concellos de Galicia que dispoñen de corpo de Policía local e das prazas de auxiliares de policía local ou de vixilantes municipais, mediante a asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos devanditos corpos e prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais.

III.-Mediante acordo do Pleno de data ..., adoptado en cumprimento do previsto no artigo 22.1.p) en relación co 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de réxime común]/123.1.j da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de gran poboación], o Concello de ... delega na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de

Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, por todo o tempo de vixencia do presente convenio.

Para instrumentar esta delegación, e de acordo co previsto no artigo 2.3 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, e na lexislación de réxime xurídico do sector público e de réxime local, ambas as dúas partes acordan as seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: Obxecto.

1. Este convenio ten por obxecto instrumentar a delegación polo Concello de ... na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local e as prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais.

2. En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos selectivos para as prazas das diferentes categorías do seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as prazas de vixilantes municipais, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.

3. Para o ano 2018 a delegación realizada polo concello é aceptada pola Administración xeral da Comunidade Autónoma en relación cos procesos selectivos para o acceso mediante o sistema de quenda libre á categoría de policía e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, de acordo coa previsión recollida na alínea a) da disposición adicional única do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

No momento en que a previsión recollida na alínea b) da devandita disposición adicional única se desenvolva para as demais categorías e sistemas de acceso aos corpos de policía local, a delegación realizada polo concello, de ser o caso, con esas outras categorías e sistemas de acceso, é aceptada e producirá plenos efectos, sen precisar novo acordo plenario, debendo o concello comunicar, nos prazos establecidos no Decreto 115/2017, as novas prazas a convocar.

Entrementres non se leve a cabo o referido desenvolvemento, o concello poderá convocar e desenvolver os procesos selectivos das categorías e sistemas de acceso aos que se refire o parágrafo anterior, coa obriga de reservar praza, dentro dos prazos establecidos, nos cursos selectivos de formación ou capacitación para as persoas que resulten aprobadas ou obteñan praza.

SEGUNDA: Comunicación á Academia Galega de Seguridade Pública das prazas concretas a convocar e prazo para efectuar a devandita comunicación.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

1. O concello, no momento da sinatura do convenio ou ben nun momento posterior e, en todo caso, antes dos prazos que a continuación se indican, deberá comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, no modelo que se recolle no Anexo I, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais, con determinación expresa da escala e categoría a que pertencan, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.
2. A comunicación deberá ir acompañada dunha certificación da persoa titular da secretaría do concello na cal se acredite o cumprimento de todos os requisitos legalmente esixidos para a convocatoria das prazas, segundo o modelo que se recolle no Anexo II deste convenio.
3. Os prazos para efectuar a devandita comunicación son os seguintes:
 - a) Excepcionalmente para o ano 2018:
 - Ata o final do mes de marzo, para o acceso, mediante o sistema de quenda libre, á categoría de policía e as prazas de vixilantes municipais
 - Ata o final do mes de febreiro, para os prazos de auxiliares de policía local.
 - b) A partir do ano 2019:
 - Antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, para o acceso, mediante o sistema de quenda libre, á categoría de policía e as prazas de vixilantes municipais ou para o resto de categorías e sistemas dos corpos de policía local cuxos procesos selectivos unitarios estean habilitados conforme a previsión do apartado b) da disposición adicional única do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.
 - Antes de que remate cada ano natural para as prazas de auxiliares de policía local

TERCEIRA: Alcance da delegación.

1. A delegación obxecto deste convenio comprende:
 - a) A aprobación e publicación das convocatorias dos procesos selectivos coas súas bases, así como a aprobación, notificación e publicación de todos os demais actos e resolucións administrativas que dean cobertura xurídica ao desenvolvemento daqueles.
 - b) O nomeamento e coordinación dos órganos de selección, incluído o aboamento de todos os gastos derivados da súa actuación.
 - c) A recepción das solicitudes de participación e o cobro das correspondentes taxas.
 - d) A xestión íntegra da operativa precisa para o desenvolvemento material dos procesos selectivos.
 - e) A cualificación das probas selectivas e a aplicación dos correspondentes baremos de méritos.
 - f) Se o convenio inclúe a selección do persoal auxiliar de policía local, a xestión das correspondentes listas selectivas nos termos establecidos polo artigo 19 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.
 - g) Todas as demais xestións relacionadas coa convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos, coa excepción que se sinala no número seguinte.
 - h) A organización dos correspondentes cursos selectivos de formación ou capacitación.
2. Exceptúanse da delegación as competencias relativas ao nomeamento como persoal funcionario en prácticas, ou, de ser o caso, como persoal funcionario de carreira, e a contratación como persoal auxiliar de policía local das persoas aprobadas ou que obtivesen praza nos procesos selectivos.

CUARTA: Obrigas da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase a aprobar e publicar as convocatorias dos procesos selectivos para o acceso ás categorías do corpo de Policía local comprendidas neste convenio e as prazas de persoal auxiliar de policía local e de vixilantes municipais sempre que as prazas comunicadas para a correspondente categoría e sistema de acceso polos concellos cos cales estean en vigor os preceptivos convenios alcancen o número mínimo total de:
 - Dez, no caso do acceso á categoría de policía polo sistema de quenda libre e aos postos de persoal auxiliar de policía local.
 - Cinco, en todos os demais casos.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Para a determinación dese número mínimo sumaranse todas as prazas comunicadas antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, ou antes de que remate o ano natural no caso do persoal auxiliar de policía local, salvo o disposto nas cláusulas segunda e décima terceira.

Malia o anterior, a Administración xeral da Comunidade Autónoma resérvase a posibilidade de convocar procesos selectivos unitarios para un número de prazas inferior ao sinalado no parágrafo anterior, nos termos sinalados polos artigos 4.1 e 18.1 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

2. No suposto de non se convocar un proceso selectivo unitario por non se acadar o número mínimo de prazas previsto no número anterior, a consellería competente en materia de seguridade porá inmediatamente en coñecemento do concello dita circunstancia. Este poderá optar entre desenvolver por si mesmo o proceso selectivo ou volver comunicar as prazas para o seguinte ano, sempre que o permita o prazo de execución da correspondente oferta de emprego público.

3. No caso de que o obxecto do convenio comprenda a selección de persoal auxiliar de policía local, a Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase tamén a seleccionar, a través da lista prevista no artigo 19 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, ás persoas precisas para a cobertura das necesidades sobrevidas desta clase de persoal que se comuniquen polo concello no modelo que se estableza para o efecto, sempre que na devandita lista existan persoas aptas para a cobertura das prazas ás que se refira a comunicación.

QUINTA: Obrigas do concello.

En virtude deste convenio, o concello asume as seguintes obrigas:

- Comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, na forma e dentro do prazo que se sinala na cláusula segunda, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de Policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou das prazas de vixilantes municipais que se terán que convocar, con determinación expresa da escala e categoría a que pertencen, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.
- Nomear como persoal funcionario en prácticas, ou, de ser o caso, como persoal funcionario de carreira, ás persoas aprobadas ou que obtiveron praza nos procesos selectivos ou contratar como persoal auxiliar de policía local ás persoas seleccionadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma, logo de verificar que teñen superado o preceptivo curso de formación.
- Comunicar inmediatamente á Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública a toma de posesión ou a contratación das persoas mencionadas na alínea anterior.
- Efectuar os trámites internos necesarios, nos prazos que fixe a Academia Galega de Seguridade Pública, para a incorporación efectiva aos cursos selectivos de formación ou capacitación das persoas aspirantes que superasen o proceso selectivo.
- Subministrar á consellería competente en materia de seguridade a Academia Galega de Seguridade Pública toda a información que estas necesiten e demanden consonte o previsto polo Decreto 115/2017, do 17 de novembro, para o cumprimento das obrigas que derivan do presente convenio.

SEXTA: Financiamento dos procesos selectivos.

- A Administración xeral da Comunidade Autónoma asume o financiamento de todos os gastos derivados da xestión e desenvolvemento dos procesos selectivos obxecto deste convenio, con cargo aos recursos consignados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
- A Administración xeral da Comunidade Autónoma percibirá os ingresos derivados das taxas que se establezan pola participación nos procesos selectivos, de acordo co establecido na lexislación de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

SÉTIMA: Comisión de seguimento.

- Este convenio será administrado por unha comisión de seguimento composta por dúas persoas designadas por cada parte, que adoptará os acordos por unanimidade.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

2. A comisión de seguimento, de acordo co establecido no artigo 49.1.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é o instrumento para o seguimento, vixilancia e control do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes, e exercera as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.c) e 52.3 daquela.

3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma e o concello comprométese a resolver por mutuo acordo, no seo da comisión de seguimento, cantas diferenzas resulten da interpretación e cumprimento deste convenio, sen prexuízo da competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa para o coñecemento de todas as cuestións e litixios que puidesen xurdir.

OITAVA: Vixencia.

1.-Este convenio ten vixencia dende a data da súa sinatura ata un máximo de catro anos de duración.

2.-Con anterioridade á súa finalización, o convenio poderá ser prorrogado, previo acordo escrito das partes, ata completar un período adicional da mesma duración.

3.-A finalización da vixencia do convenio non afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.

NOVENA: Causas de resolución.

1. De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do de outubro, son causas de resolución deste convenio:

a) A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito cun mes de antelación a data na que desexe a finalización do mesmo.

b) O incumprimento das cláusulas do mesmo.

c) O mutuo acordo das partes.

2. A resolución do convenio non afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.

DÉCIMA: Modificacións.

As modificacións deste convenio formalizaranse mediante addenda, cos mesmos requisitos e condicións que se esixen para a aprobación do mesmo.

DÉCIMA PRIMEIRA: Publicidade.

1. En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta

de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da devandita subscripción cos seguintes datos básicos:

a) Identificación das partes que interveñen.

b) Importe do financiamento.

c) Data da sinatura.

d) Finalidade.

e) Período de vixencia.

2. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e publicidade referida no número anterior. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

DÉCIMA SEGUNDA: Natureza e réxime xurídico.

1. Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos

do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no artigo 6.1 desta.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

2. As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula sétima. De persistir as mesmas resolverá a persoa titular da consellería competente en materia de seguridade e a Xunta de Goberno local do concello, no ámbito das respectivas competencias, poñendo fin á vía administrativa. Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade asíñase, por duplicado, no lugar e data arriba indicados

E esta é a miña proposta sen prexuízo de que o Pleno da Corporación acordará o que considere oportuno.

En Bergondo asinado dixitalmente pola Alcaldesa."

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: como xa lles explicaba na Comisión informativa, esta é unha cuestión na que se levaba traballando dende hai tempo, dende a Xunta a través da Academia Galega de Seguridade, da AGASP e da Federación Galega de Municipios, a FEGAMP, e por fin ese Decreto de dezasete de novembro regula xa esa cuestión. A verdade que o vemos como unha cuestión positiva, non ten custo para o concello, cando antes si que o tiña a selección de prazas e neste caso non o vai ter, e non soamente o custo económico senón tamén o custo do tempo e de dispoñer do persoal para facer un proceso de selección.

Asinando este Convenio coa Xunta, que os concellos pequenos seremos sobre todo os que o fagamos, será a Academia quen se encargue de facer o proceso de selección, no noso caso serán de auxiliares e a praza de policía que temos ao día de hoxe xa en Oferta aprobada, e doutras prazas se durante a vixencia do Convenio así xurdira, cuestión ao día de hoxe que é de imposible cumprimento, pero que en todo caso se se puidese dar quedaría aberto.

Ao día de hoxe a intención do concello obviamente é a da selección dos auxiliares de policía local, polo que ademais lles temos que mandar esa notificación neste mes de febreiro, e a de un policía local que é a da Oferta pública que aprobamos xa o ano pasado.

O proceso de selección será algo parecido a unhas prazas de mestre, onde hai unha serie de persoas aprobadas que corresponderán coas prazas ofertadas, poderán en función da nota acadada ir facendo a selección do concello ao que se queren adscribir.

Polo tanto, incluso no apartado dos auxiliares estableceuse unha bolsa, porque incluso pode haber a posibilidade de que durante o tempo de vixencia de ter os auxiliares contratados pois algún estea de baixa e se pode acudir a esa bolsa que terá a Academia para isto.

En canto á cuestión que se manifestaba o outro día de se con isto perderíamos tempo ou non, facéndoos nós, eu xa comentaba que non se vai perder tempo porque en todo caso unha vez que a persoa, falando do caso dos policías, tivese aprobado o proceso selectivo, tería que pasar aínda pola formación na Academia, e o curso non se convoca ata que haXA un número suficiente deles, desta forma ademais se garante que os que asinamos o Convenio xa se vai facer o curso para eles e a maiores para os concellos que fan a selección cos seus propios medios.

Pouco mais que engadir que en febreiro é cando debemos adoptar este acordo para que os auxiliares de policía local en verán poidan estar traballando nos diferentes concellos de Galicia, e as previsións son que tamén no outono poidan estar xa os policías locais seleccionados e a partir de aí o tema do curso.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: con este sistema é obvio que todos os aspirantes van ser seleccionados con igual criterio de valoración, porque todos van pasar por un mesmo proceso, iso paréceme positivo; pero preocúpanme dúas cousas, na redacción do Convenio a Xunta ponlle prazos aos concellos para efectuar a comunicación de solicitude de prazas, pero non indica cando vai comezar o proceso selectivo, non se compromete, e creo que todos coñecemos o proceder e as demoras que a Xunta ten neste senso, porque así como o goberno central cando convoca unha praza xa quedan marcadas todas e cada unha das datas dos exames, coa Xunta non se dá o caso, e isto pódese eternizar.

Tamén esixe un mínimo de solicitudes de prazas para proceder, dez no caso de policías e auxiliares, e cinco para seguridade, e se non se alcanzan ese número de solicitudes por parte dos concellos, devólvennos o problema.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Eu penso que en Bergondo a praza é urxente, e así o vimos demandando todos, polo menos os deste lado, dende hai moitísimo tempo.

Vostede di que se nós apuramos esta praza, a resolveramos rápido, que non teríamos a formación académica porque ata que haxa un montón de xente non a van a impartir, pero calculo que haberá mais concellos que estean con este tema; eu calculo que a estas alturas vostede saberá se hai mais de dez solicitudes para poder obrigar á Xunta a que convoque as prazas, porque se non é así a Xunta vains devolver o problema dentro duns meses, con que aínda temos un problema dobre e maior, e tampouco temos a formación académica, entón creo que non se pararon moito todos os concellos en ler este Convenio, ou polo menos o que eu interpreto del.

Sra. alcaldesa: comparto parte das súas dúbidas, e de feito por iso precisamente a Academia nos convocou a unha xuntanza despois das vacacións do Nadal, onde se manifestaron esas dúbidas por parte dos que alí nos encontrabamos.

Comenta vostede que a Xunta nos pon prazos, efectivamente, ponnos prazos para eles cumprir, porque o que vostede di, e se van facer..., obviamente é unha cuestión que a todos nos preocupa, por iso febreiro é o prazo para aprobar o Convenio no caso de querer solicitar auxiliares de policía local, e marzo sería o prazo para os policías locais. Polo tanto a finais de marzo, como quen di a primeira semana de abril, se ten que saber cantos concellos aprobaron nos seus plenos este procedemento; estamos a primeiros de abril, ás datas que eles nos marcaban, é certo que non aparecen no Convenio, son as que eu lles manifestei porque así se dixo nunha reunión, porque somos moitos concellos os que estamos nesta situación, outros que queren estar e que nin sequera poden porque non poden convocar prazas, pero iso é un tema aparte.

O tema do curso, pois efectivamente e así como comentei, e de feito xa ata agora, hai un par de anos, onde concellos que tiñan feitos os procesos selectivos, non podían aínda ter a ese persoal traballando porque non estaban feitos os cursos precisamente porque non había ese número suficiente, desta forma a Academia o que se garante, en teoría, todo isto mentres o Convenio non estea alí.

Doulle a razón, non hai nada son todo vontades, polo tanto haberá que esperar, xa digo, ao mellor ata finais de marzo para saber se como vostede di, nos devolven a pataca ou non...; dáme a impresión pola sensación que temos, e porque mais ou menos o que se compartía alí é que non vai haber ese tipo de problemas, e o que se solicita é a máxima celeridade na convocatoria dunha praza, porque no momento en que un as ten ofertadas e as ten xa na súa plantilla, pois o que quere obviamente é poder dispoñer dese persoal.

É un proceso de selección longo que de todas formas está taxado, a Lei tipifica todo o proceso de selección, pero ademais é positivo que sexa o mesmo exame para todos os policías de Galicia, a min polo menos paréceme positivo, e si, estaremos enriba para tratar que sexa o antes posible.

Sra. concelleira non adscrita: de todos modos a Lei tipifica o tempo entre un exame e outro, e todo o demais, pero a Xunta sempre pide prórroga, nunca lle chega o tempo entre exame e exame... é así en todos os procesos.

Sra. alcaldesa: espero que neste caso non, porque imos estar enriba porque ao final non é un proceso da Xunta, é un proceso que fai a Xunta pero que nos vai beneficiar aos concellos.

Sra. concelleira non adscrita: pero ao igual que a existencia é teñan vostedes sobre a mesa en febreiro isto, pois señores da Xunta, cando vostedes teñan sobre a mesa en febreiro isto comprométanse de que en marzo iniciarán o proceso; iso é o que tiña que poñer un convenio, non so esixir.

Sr. voceiro do PP: nos imos votar a favor porque consideramos que era unha demanda de moitos concellos, que deben permitir mellorar a xestión administrativa deste tipo de procesos, e parece que moitos destes concellos quedou patente a incapacidade para xestionalos.

Por outra banda tamén consideramos que vai mellorar a xestión da policía local, xa sexa mediante a cobertura de vacantes ou calquera outro problema que poida xurdir na policía local.

Sra. alcaldesa: en canto a iso último non, porque a xestión de vacantes é unha cuestión que se o propio concello non ten a Oferta aprobada, non ten prazas que poder convocar; é dicir, esa é unha cuestión que depende do concello de primeiras, de feito non aprobarán mais policías que prazas estean aprobadas polos concellos.

Sr. voceiro: referíame ás prazas, por exemplo, se alguén se pon de baixa...



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Sra. alcaldesa: non, no caso dos policía locais non é posible cubri-lo, iso o poderemos facer cos auxiliares de policía, pero cos policía locais a única forma é que veña un policía local cunha Comisión de servizos, ou así, iso ao día de hoxe xa se pode facer, non vai haber policía locais que teñan aprobado o exame e que non teñan praza e que estean aí nesa nube..., non digo que non puidera ser pero ao día de hoxe..., iso se preguntou tamén nesa reunión e non se daba esa opción.

Sra. voceira de VB: entón, se a finais de marzo vemos que o proceso non está seguindo os seus prazos, retomariamos nós a contratación?, polo menos dos auxiliares para o verán.

Sra. alcaldesa: os auxiliares o saberemos incluso antes de finais de marzo, porque os acordos plenarios se teñen que tomar en febreiro para os auxiliares, e como lle comentaba á concelleira non adscrita, no caso dos policía debería saberse a primeiros de abril porque os acordos se teñen que tomar en marzo, entón preguntáronos tamén, hai suficiente quórum para poder facer este proceso? ou nos ides devolver todo isto, entón claro, en caso de devolvelo pois canto antes para que o poidamos iniciar nós mesmos, os dous procesos. No caso dos auxiliares, habitualmente en abril empezabamos aquí en Bergondo, iríamos con tempo de sobra; o de policía é un proceso moito mais longo, moito mais complicado, no que hai que solicitar a concellos persoal para os tribunais e demais..., polo tanto nos conviría sabelo canto antes tamén, en caso de que non o puidera facer a Academia.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: a clave está aí efectivamente, que nos contesten, que nos dean unha razón o antes posible, para que se inicie o antes posible.

Rematadas as intervencións, **sométese a votación a proposta** antes transcrita, co resultado seguinte:

Grupo municipal socialista: vota a favor (ponderación - cinco)

Grupo municipal de VB: vota a favor (ponderación - tres)

Grupo municipal do PP: vota a favor (ponderación - dous)

Grupo municipal SON de Bergondo-Anova: vota a favor (ponderación - dous)

Concelleira non adscrita vota abstención (ponderación - un)

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa, presidenta desta Comisión, declárase ditaminada favorablemente a proposta transcrita por **maioría de votos a favor**, que devén en ditame e proponse ao Pleno municipal, a adopción do correspondente acordo.

7. MOCIÓN INSTITUCIONAL PARA DECLARAR O 24 DE FEBREIRO DÍA DE ROSALÍA NO NOSO CONCELLO.

Dáse conta da moción institucional asinada por todos os grupos políticos que integran a Corporación municipal, que transcrita literalmente di:

"De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, os Grupos Municipais Socialista, Anova, Partido Popular, Veciños de Bergondo, e concelleira non adscrita, do Concello de BERGONDO desexan someter á consideración do Pleno a seguinte **Moción**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro *Cantares Gallegos*, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Por todo isto propoñemos ao Pleno Municipal do Concello de Bergondo:

- . - Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.
- . - Empezar e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellería de Cultura no seu Calendario do Libro e da Lectura.
- . - Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista."

Asdo. Francisco Javier Santos Maseda, grupo PSdeG-PSOE; Juan A. Fariña Pedreira, grupo SON de Bergondo-Anova; José A. Vieiro Amor, grupo PP; M.^a Loreto Caseiras Arroyo, grupo Veciños de Bergondo; Antonia M.^a Sanjurjo Seijas, concelleira non adscrita"

Sra. alcaldesa: como lles comentaba, se nos solicitou a través da Asociación de Escritores e Escritoras en lingua galega, que nos sumemos aos diferentes concellos que xa o adoptaron no ano anterior, onde hai concellos de todas Galicia que están adheridos, e eu dicíalles que como este ano iría un pouco xusto e dado que o vinte e catro de febreiro é sábado, e aproveitando que o día vinte e seis, o luns, temos o acto de homenaxe a Filomena Dato e aproveito unha vez mais para lembralo e invitar a todo o mundo a que veña a Moruxo, pois que faremos unha referencia, e así se lle manifestou, xa estaba previsto que os escolares interviñeran no acto de Filomena, e van facer unha lectura dun poema de Rosalía de Castro aproveitando xa o propio día.

Non producíndose intervencións, a alcaldesa manifesta que como moción institucional entendese aprobada por unanimidade.

8. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE, PARA A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE MODIFICACIÓN DA LEI GALEGA DE SAÚDE DO ANO 2008. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da moción, que foi informada favorablemente pola Comisión Informativa do día 19 de febreiro, que transcrita literalmente di:

"O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Bergondo, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción, en relación á **RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE MODIFICACIÓN DA LEI GALEGA DE SAÚDE DO ANO 2008.**



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de agosto, o Goberno da Xunta de Galicia iniciou un proceso de Reforma da Lei Galega de Saúde do ano 2008. A publicación do anteproxecto aberto a consultas públicas xa provocou as alarmas entre o sector sanitario, ao considerar que, entre outras cuestións, vai supor un novo recorte e unha maior precarización do sistema público de saúde.

En primeiro lugar, esta proposta de reforma limita, facendo inviable, a participación social. Concretamente, modifica a configuración dos órganos de participación social, que, na súa configuración actual, terían permitido realizar funcións esenciais de información previa á aprobación e posterior control das decisións de política sanitaria.

Coa modificación do artigo 23 limitan o acceso á información e á documentación existente, co que se condiciona calquera capacidade de control.

A non posta en marcha dos órganos de participación cidadá da Lei de Saúde do 2008, tanto do Consello de Saúde de Galicia como dos Consellos de Saúde de Área, confirma o anterior, xa que o novo artigo 24 introduce modificacións, tanto na súa composición como nas súas funcións, que fan inviable calquera control previo á aprobación ou posterior á execución do Plan de Saúde, contratos de servizos sanitarios, concertos, programas de subvencións, Memoria anual, proxectos de Orzamentos, prestacións e carteira de servizos.

Asemade, os novos artigos 25 e 26, que modifican o Consello de Saúde de Área e crean o Consello asesor de pacientes, deixan pendente de regular a súa composición e funcionamento en normas posteriores.

En segundo lugar, reduce as áreas sanitarias e consolida a exclusión da Atención Primaria. A modificación da lei adapta as Áreas Sanitarias ás actuais Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXIS), que creou o goberno do PP, ao tempo que anulaba as Xerencias de Atención Primaria (AP). Deste xeito, preténdese eliminar as áreas sanitarias de A Mariña, Monforte, O Barco e o Salnés, deixando como únicas áreas sanitarias as 7 demarcacións coincidentes coas EOXIS (Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo).

Paralelamente, coa modificación do artigo 69 crease un novo ámbito territorial, os distritos sanitarios, cada un deles cun Hospital de referencia; os sete comarcais, os 4 das áreas suprimidas (A Mariña, Monforte, O Barco e O Salnés), e os 3 que non sendo área anteriormente contan cun hospital comarcal de referencia (Cee, Barbanza e Verín); e os 7 coincidentes coas cabeceiras das EOXIS (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo).

O artigo 69 di que: "Os distritos sanitarios son divisións territoriais das áreas sanitarias e constitúen o marco de referencia de coordinación dos dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria".

Porén, esta reforma nada apunta en relación á recuperación das estruturas directivas de Atención Primaria, unha demanda unánime do persoal traballador de Atención Primaria. Tampouco se di nada da estrutura dos órganos directivos das Áreas nin dos distritos.

Esta situación obriga a atender unha media de entre 40 e 50 pacientes ao día, o que repercute na calidade da atención e na capacidade resolutiva, e obriga a enviar de xeito innecesario a moitos/as pacientes ao hospital, colapsando as urxencias e incrementando as listas de espera. En algúns Centros de Saúde, a espera para acudir a consulta chega a superar a semana, algo inadmisíbel no primeiro nivel asistencial.

En terceiro lugar, consolida o modelo privatizador de coñecemento, posto en marcha coa creación da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. Así, o capítulo da nova Lei de saúde dedicado á investigación muda dun xeito significativo de nome: do inicial "Da investigación biomédica no Sistema Público de Saúde de Galicia" ao modificado "Da investigación e a innovación no Sistema Público de Saúde de Galicia". Asemade, omítense as referencias ás prioridades marcadas polo "Plan



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica", e introduce unha referencia as prioridades marcadas polos plans de investigación vixentes en cada momento -sen aclarar que plans e que papel xoga neles a sanidade pública e a industria privada-, pretendendo así lexitimar o modelo privatizador do coñecemento, posto en marcha coa creación da Axencia galega para a xestión do coñecemento en saúde.

Polo tanto, por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta a seguinte: **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

A Corporación Municipal de BERGONDO, a proposta da Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, acorda instar á Xunta de Galicia a:

1. Retirar o anteproxecto de reforma da Lei Galega de Saúde, que perpetúa as estruturas de xestión integrada.
2. Restituír as xerencias de atención primaria e que as dote de medios e recursos para reforzar a súa capacidade de resolución.
3. Co consenso de todas as forzas políticas, sindicais e sociais, desenvolver a Lei Galega de Saúde do ano 2008.

Bergondo, 5 de febreiro de 2018. Begoña Calviño Dorado. Voceira (suplente) do G. M. do PSdeG-PSOE de Bergondo"

Continúa a Sra. concelleira de Benestar Social, Begoña Calviño Dorado: eu o primeiro que quero sinalar é que eu son profesional sanitario, pero da sanidade privada, non da sanidade pública, para que non haxa ningún tipo de confusión nin erro.

Presentamos esta moción porque é o noso sentir, como o de gran parte da cidadanía de Galicia, porque son moitos os que opinan así. Creemos que este é un anteproxecto elaborado polo goberno de Feijóo moi opaco, moitísimo, como dicía propiamente a moción, porque tampouco hai que afondar moito mais, dío claramente, é tan opaco que limita a participación social, dificulta o control dos Plans de saúde, contratos de servizos sanitarios, prestacións e carteiras de servizos, que é amplísima. Reduce as Áreas sanitarias, e afonda na exclusión da Atención Primaria, para eles non conta para nada a Atención Primaria.

Qué provoca isto? Isto provoca unha perda do número de camas e de servizos nos hospitais comarcais, o que dificulta o acceso á sanidade pública, a modificación reduce o persoal e as condicións laborais dese persoal vólvense precarias; traslados forzosos do persoal entre hospitais, tanto de forma interna como externa nos concursos de traslados. Desmantela e recorta os recursos dos hospitais comarcais, que acercan a atención hospitalaria á poboación rural, afastadas dos grandes hospitais; aquí non se dan conta de que Galicia é completamente rural, é a poboación está moi diseminada; isto suporía, e vai supor se non o impedimos entre todos, que a poboación teña que desprazarse a estes centros, que eles teñen como referencia, que en moitos casos se atopan a mais de cen quilómetros; non sei se a xente se dá conta do que teñen que sufrir os pacientes en recorrer tantos quilómetros para poder acceder a un Centro hospitalario.

Eu por desgraza, ou por sorte, estiven moitos anos tratando a este tipo de pacientes que tiñan que vir desde Lugo, dende toda a provincia de Lugo, a poñer uns tratamentos á provincia da Coruña, despois de moita loita e moitos esforzos conseguiron ir a Lugo, pero se agora teñen que volver a ir por calquera tipo de hospitalización a recorrer eses cen quilómetros, que en moitos casos serán mais, porque o seu centro de referencia que tiñan ata agora non o van ter, porque ao señor Feijóo e ao seu equipo dáselles por dicir que non, que teñen que ir ao HULA porque é a provincia mais próxima de referencia que temos, pero pasa o mesmo en Ourense ou en Pontevedra.

Entón iso é inviable, porque ao final quen sofre todos os recortes e quen sofre todo é o propio usuario, o paciente, o que non ten culpa de nada, que bastante desgraza ten con estar enfermo. Entón coa introdución deste sistema pérdese accesibilidade, eficacia, e empeora a calidade das prestacións.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

O que tamén fai esta reforma, que tamén xa o comenta a moción, é consolidar o modelo privatizador do PP no ámbito da investigación, que estamos a anos luz doutros países e que temos moi bos investigadores, pois non, agora tamén queren privatizar a investigación, que é o aspecto fundamental para o noso futuro.

Tampouco vou afondar moito mais, porque tampouco é cuestión de..., a moción é a que é, o anteproxecto da Lei de 2008 está aí, todo o mundo pode lelo, pode botarlle unha ollada, pero creo que debemos ser conscientes de que está en xogo a sanidade pública, que ata agora protexeu o ben mais importante que temos nós, a xente deste país, que é a saúde, se non temos saúde non temos nada, por iso presentamos esta moción.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: comparto moitas cousas da exposición que fixo a concelleira, non así da moción. Empezando por un punto que vostede redacta aquí, que se refire a Atención Primaria, situación que obriga a atender a unha media de entre corenta e cincuenta persoas ao día, que se están derivando pacientes ao hospital que colapsan as urxencias, que incrementan as listas de espera, que os Centros de Saúde temos a veces unha semana para poder concorrer a unha primeira cita, todo isto é certo, e todo isto non pode pasar; que me da a entender a min isto? que algo non funciona ben. Cando algo non funciona ben hai que cambialo, hai modificalo, hai que mirar cara adiante. Vostedes falan de precariedade, e porqué de precarización e non de mellora dos servizos? falan en todo punto de privatización, e eu digo, porqué privatización e non lle chaman optimización de recursos? porque é posible que á sanidade pública lle resulte mais barata unha intervención concertada que cos seus propios medios, ese é un problema serio que habería que miralo tamén.

Realmente todos estamos de acordo no básico é no esencial, no que dicía, nas listas de espera, na saturación da Atención Primaria, entón creo que é moi importante unha reestruturación, pero dende logo non no Salón de Plenos do Concello de Bergondo, senón polos axentes capacitados para levalo a cabo, creo que hai que mirar cara adiante, e penso que iso, que cando algo non está ben hai que tratar de arranxalo e poñerse rápido mans a elo, e deixarse, coma sempre, da dichosa guerra PP-PSOE.

Isto é un anteproxecto e como tal ten un largo recorrido, negocien, falen, e non estean todos os días tirando os trastos, polo ben dos enfermos e dous seus familiares, e de toda a poboación.

Sr. voceiro do PP: a actualización e modificación desta Lei, nace despois de dez anos co obxectivo de garantir e ampliar o Sistema Público de Saúde, o principal obxectivo desta Lei é a mellora das prestacións dos servizos do paciente.

Fala a señora concelleira de Benestar Social de falta de recursos en relación coas Áreas Sanitarias, eu quérolle dicir que as Áreas Sanitarias que consolidan o modelo da EOXIS, dende o 2008 ata o primeiro semestre do 2017 evitou entre mais de douscentos e mil desprazamentos aos pacientes; que a Xunta, que quere seguir avanzando no investimento neste tipo de áreas, permitiu que se investira no devandito período dezanove con seis millóns de euros para ampliar e modernizar os hospitais comarcais.

É certo que se crea unha nova figura legal, os Distritos Sanitarios, unha nova figura legal que permitirá blindar por primeira vez por Lei, a existencia dos hospitais comarcais, non lle vexo nada de negativo de momento, e que contarán cun peso específico dentro da Área da propia organización sanitaria, do que ata agora non gozaban.

En relación á asignación de médico e hospital, esta modificación non altera para nada a asignación de médico ou de hospital, xa que na actualidade quen decide iso é o paciente, é dicir, a base desta reforma é a atención mais próxima ao domicilio.

Con respecto aos órganos de participación, que falaba vostede, coa anterior redacción, a Lei que se aprobou no 2008, fíxose practicamente imposible levar á práctica esta participación, xa que en case dez anos non se reuniu nin unha sola vez os Consellos de Saúde, porque era moi complicado; con esta nova reforma simplifícase a composición destes órganos de participación, garántese que exista un a nivel autonómico e un por cada unha das Áreas. Ademais estarán representados os concellos das Áreas, os sindicatos e organizacións empresariais. Ademais que por primeira vez se dará voto aos pacientes a través do seu propio consello asesor.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

No tocante á precarización das condicións laborais dos profesionais, non se altera en ningún caso o actual sistema de contratación temporal, xa que os propios profesionais poderán anotarse nas listas das Áreas Sanitarias que eles prefiran ou desexen, de feito isto que está funcionando tanto no hospital do Barbanza, de Cee, e de Verín.

E tampouco é certo que se introduzan novidades no sistema de provisión de prazas, os profesionais seguirán sen dúbida ligados á Área e manterán a súa praza orixinal.

Así que penso que esta moción que presenta hoxe o PSOE de Bergondo, en relación á reforma da Lei 8/2008 de Saúde; non a chamaría nin opaca, xa que hai consellos asesores nos que os pacientes teñen voz, están representados todos os concellos, os sindicatos, as organizacións empresariais.

Creo que a traxectoria que levou a Xunta en materia de saúde, non se lle pode achacar que houbera unha falta de investimento, están aí os datos, así que coincido co que dicía a concelleira non adscrita, que ao mellor tamén é hora de sentarse xuntos e remar na mesma dirección, porque esta si que é unha cuestión que lle afecta á sociedade e coa que non vale facer demagogia.

Sra. voceira de VB: pois escoitando a moción, e escoitando a contestación neste caso do representante do Partido Popular, e ademais uníndoo ás manifestacións públicas do presidente da Xunta, que fala dunha creación de ata vinte Centros de Saúde ata o 2020, en dous anos vinte novos Centros de Saúde, tres mil contratacións en urxencias nun só mes, son datos públicos en prensa e ditos polo presidente da Xunta no Parlamento.

Pois dá a sensación que estamos vivindo en países diferentes, que os representantes do Partido Socialista están vivindo nun país, os representantes do Partido Popular están vivindo noutro, pero é evidente que parece que se está querendo facer as cousas no bo sentido, non ten ningunha explicación, non faría falta buscar, porque non o encontraríamos ningún outro obxectivo que non fora o de mellorar, sería absolutamente ridículo, incluso ata un suicidio político que o Partido que está agora mesmo no goberno con maioría absoluta quixera facer as cousas tan mal, tan mal, como para afundir a saúde dos galegos, é que me parece absolutamente increíble que alguén poida pensar niso.

Os datos son os que lemos na prensa, ou escoitamos na radio, vostedes o Partido Socialista parece que o ven todo moi negro, moi difícil, seguramente terá unha parte de razón, non digo que minta nin moito menos, pero evidentemente o Partido Popular parece que o quere facer ben.

Por suposto se houbera consenso neste proxecto de Lei sería estupendo, seguramente por cuestións de ideoloxía pois non vai haber ese consenso, pero de todas formas eu creo que aínda só sexa por eses datos tamén parece que os canles de participación cidadá se van simplificar co novo sistema, pero aínda que só sexa por ese dato que está na prensa, de aquí ao 2020 que está á volta da esquina, vinte novos de Centro de Saúde, pois parece que non é precisamente o que esa moción tan terrible parece anunciar.

Entón dende o punto de vista de Veciños de Bergondo non imos a asumir o respaldo a esa moción.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: o problema é que hai un país de telexornal e un país real, hai dous países nun, país de telexornal e de medios publicados que loan, ou vanglorian, ou enxalzan a política, a xestión, do señor Feijóo e do seu goberno, e hai un país real, país real é o que se manifesta con maior ou menor dramatismo nesta moción, que non é só a moción presentada neste caso polo Partido Socialista, pero que transmite a palabra e as propostas dunha plataforma, SOS Sanidade Pública, integrada por mais actores e por mais xente que comparten unha inquietude, unha inqueda, importante ao respecto.

Nós por suposto imos dar apoio a esta moción porque consideramos que hai un país real, insisto unha vez mais, que é o que podemos ver na rúa, que nos conta a todos nós, incluídos vostedes seguramente, as circunstancias polas que pasan no seu trato coa sanidade pública e esas circunstancias non están, parece, mellorando nos últimos anos, esa é a verdade, ou cando menos nós cremos que esa é a realidade do país no que nos movemos.

Sra. alcaldesa: un apunte pola miña parte, o que se está solicitando aquí, que despois de dez anos se desenvolva esa Lei, e parece que efectivamente que o goberno do Partido Popular non escoita, e non escoita, xa digo, esta non é unha moción, e o dicía tamén agora o voceiro de Anova, non é unha moción do Partido Socialista, é unha moción que



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

presenta o Partido Socialista pero que é da plataforma SOS Sanidade Pública. E un non vai a Santiago a mollarse e pasar un frío unha mañá de domingo se non ten realmente un motivo polo que estar aí reclamando, e cando son miles e miles e milleiros de persoas de diferentes organizacións, as que están alí, por algo será, parece que o Partido Popular pois non escoita, e non escoita tampouco aos seus propios traballadores, e os propios traballadores están en pé de guerra e se falará de contratos, de contratos precarios, todos temos escoitado tamén toda esa xente que ten contratos dun día, parece que ás veces obviamos.

E unha cuestión, vostede di que non lle encontra obxectivo a isto, pois o obxectivo eu sinceramente o vexo claro e é a privatización dun servizo, e iso o estamos vendo continuamente cando para non ter unhas listas de espera, de demora, en canto os usuarios e os veciños piden o seu dereito á ter unha intervención, e nisto todos coñecemos casos, se lles está derivando continuamente, como eu lles dicía o outro día, cando antes era unha situación puntual agora esa situación puntual acabase convertendo nunha situación permanente na deriva aos hospitais privados.

Polo tanto nós cremos que debaixo de todo isto ao final o que hai é ese obxectivo encuberto, que obviamente non se vai manifestar.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dous (2) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos en contra; concelleira non adscrita: unha (1) abstención. **Total seis (6) votos a favor, catro (4) en contra e unha (1) abstención.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobada, por maioría de votos a favor** a moción que devén en acordo nos termos antes transcritos.

9. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas desde o 22 de xaneiro ata o 16 de febreiro de 2018, ámbolos dous incluídos, numerados do 91/2018, ao 167/2018. O Pleno queda enterado.

10. ASUNTOS URXENTES.

A Sra. alcaldesa, no cumprimento do disposto do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de Rogos e Preguntas.

Non se presentan

7. ROGOS E PREGUNTAS.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

A continuación pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións para a os rogos e preguntas, soamente presentou preguntas o Grupo de Veciños de Bergondo no Rexistro Xeral o día 21 de febreiro, núm. entrada: 1333, pasa a expoñelos a Sra. voceira do dito grupo, son os seguintes:

1.- *¿En qué estado se encuentra la obra de saneamiento de A Senra?. ¿Están ya redactados los informes que nos dijo en el Pleno de Enero que estaban pendientes?*

Sra. alcaldesa: pois como vostede di, eses informes que estaban pendentes están aínda pendentes de presentarse.

Sra. voceira: iso nolo dixio no pleno de xaneiro.

Sra. alcaldesa: pois segue igual, a resposta é a mesma.

Sra. voceira: hai dous plenos chamounos vostede moi claramente inútiles, inútiles, son vostedes uns inútiles....

Sra. alcaldesa: señora concelleira, estamos en rogos e preguntas, polo tanto, se vostede fai unha pregunta eu lle contesto, e se fai un rogo o manifesta, e non imos entrar en mais debates.

Sra. voceira: pois non digo mais...

2.- *¿Cuando ha recibido la última comunicación de la Diputación sobre estas obras? ¿Que contenido tiene esa comunicación?*

Sra. alcaldesa: pois como vostede tivo acceso ao expediente, saberá que foi aproximadamente sobre o trinta de novembro a comunicación que houbo da Deputación.

Sra. voceira: é dicir, que dende que examinamos o expediente non houbo ningunha comunicación nova?

Sra. alcaldesa: non, creo que non, non sei o día que vostedes examinaron o expediente...

Sra. voceira: pois mire, no pleno anterior xa lle fixen as preguntas, eu o vira con anterioridade, pero é que llo pregunto precisamente porque nese pleno de xaneiro, contestounos que a Deputación non ía ter ou impoñer a consecuencia de perder ese Convenio, que non tiña ese sentido a contestación da Deputación, dando a entender que había chegado algunha comunicación nova que dixera iso, porque ata onde esta parte leu, en ningún sitio di a Deputación que non vai ter esa consecuencia, na Deputación o último que lle dicían é que se lle acababa o prazo en novembro de 2017, é así?

Sra. alcaldesa: si

Sra. voceira: e non chegou nada novo?

Sra. alcaldesa: non, señora concelleira.

Sra. voceira: e diso vostede deduce que non ten como consecuencia que perdamos esa obra.

Sra. alcaldesa: o que lle dixen naquel Pleno, e me ratifico, é que a pesares diso non había unha comunicación posterior na que se nos dixese que se perdía o financiamento dese Convenio, cuestión na que me ratifico.

3.- *¿Ya se terminó de comprobar las anotaciones que les hicieron al Inventario de caminos? ¿Los vecinos pueden hacer en este momento propuestas sobre caminos que crean que deben figurar?*

Sra. alcaldesa: non, aínda non, está pendente xa, pero suporemos que se entregará xa proximamente o documento.

Sra. voceira: non é iso o que lle estou preguntando.

Sra. alcaldesa: pois entón haber, pregunte, explíquese mellor.

Sra. voceira: non teño que explicar moito mais, é o que di a pregunta. Vostede no último pleno contestounos que o inventario aínda non estaba feito porque chegara un documento e que vostedes tiñan que facer unhas comprobacións, e que xa o devolveran para que lles presentaran o novo documento.

Sra. alcaldesa: si, estamos aínda facendo ese tipo de anotacións, efectivamente.

Sra. voceira: non, a ver, que me estou explicando moi mal...

Sra. alcaldesa: pois se está explicando vostede moi mal, ou lle estou entendo mal, tamén pode ser...

Sra. voceira: no último pleno eu lle preguntei como estaba o Inventario de camiños, senón miramos a acta e revisamos o que vostede contestou; e vostede dixio que habían recibido un documento que había que facer unhas comprobacións e que xa o reenviaran ao equipo redactor..

Sra. alcaldesa: efectivamente...



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Sra. voceira: entón eu preguntolle, vostede xa fixo todas as comprobacións, se o enviou é que xa fixo esas comprobación e os cambios.

Sra. alcaldesa: a maior parte desas comprobacións si que se fixeron

Sra. voceira: e xa o enviaron de volta ao equipo redactor...

Sra. alcaldesa: si, si...

Sra. voceira: iso contestoumo en xaneiro

Sra. alcaldesa: si, é certo

Sra. voceira: entón, agora mesmo di que vai recibir xa iso modificado.

Sra. alcaldesa: nos teñen que presentar o documento definitivo para traer a pleno, efectivamente

Sra. voceira: entón, os veciños, as propostas que teñan, cando as van traer?

Sra. alcaldesa: no proceso de exposición pública.

Sra. voceira: ben, e esas comprobacións que fixeron vostedes, a que se debían?

Sra. alcaldesa: pois mire, había desde cuestións de nomenclatura que non se correspondían, porque vostedes falan do Inventario de camiños, pero o Inventario é de bens e camiños, había cuestións con nomes equivocados, bens patrimoniais que estaban cruzados..., é dicir, diferentes cuestións que se foron observando a partir da documentación que se lles presentou

Sra. voceira: pero incluíron ou excluiron algún tipo de camiño, ou algún tipo de cuestión

Sra. alcaldesa: non sei, ao mellor o arquitecto puido facer algunha matización que considerase....

Sr. concelleiro de Infraestruturas, Urbanismo e Medio Ambiente, Juan Fariña: había cousas que faltaban...

Sra. voceira: o sexa, había cuestións que non se habían incluído

Sra. alcaldesa: e que quedarán, porque mentres non estea en exposición pública pois obviamente non é un documento definitivo.

4.- *En el Pleno de Noviembre le preguntamos por la Casa de Cortés, de Guísamo y en el Pleno de Enero también. Nos contestó que el 3 de Enero les habían requerido y que los titulares presentaron alegaciones que estaban sin resolver. ¿A día 22 de Febrero están ya resueltas? ¿En qué sentido?*

Sra. alcaldesa: si están resoltas, están denegadas

Sra. voceira: o que implica que seguen...

Sra. alcaldesa: teñen a obriga de limpar aínda que teñen tamén a posibilidade de presentar recurso de reposición ou chegar incluso ao contencioso.

5.- *En el Pleno de Enero nos contestó que la empresa que editó mal los calendarios iba a cobrar la factura pero que también iba a entregar algunos bien hechos. ¿Cuánto se les abonó por este trabajo? ¿Ya tienen los calendarios correctos? ¿Cuántos calendarios han recibido? ¿Qué van a hacer con ellos?.*

Sra. alcaldesa: tres mil douscentos tres con trinta e cinco euros.

Sra. voceira: xa ten os calendarios correctos?

Sra. alcaldesa: non, aínda non

Sra. voceira: é que estamos acabando febreiro, que van esperar, a que chegue outubro?

Sra. alcaldesa: señora concelleira, son uns cantos calendarios, tampouco vostedes pensen que se vai facer o traballo de novo, entre outras cousas porque entendemos que é unha insignificancia o fallo que teñen.

Sra. voceira: no Pleno anterior dixo que lles parecera moi mal o erro...

Sra. alcaldesa: pareceunos mal, pero non é unha cuestión para...

Sra. voceira: poñer uns festivos cando non o son....

Sra. alcaldesa: e iso é o maior problema?

Sra. voceira: é dicir, que a vostedes...

Sra. alcaldesa: aínda non temos os calendarios señora concelleira, cando estean se repartirán e se poñerán no concello, como se poñen habitualmente os que sobran, na Senra, na Casa da Cultura, etcétera...

Sra. voceira: pero vostedes lles van a pagar o lles ían cobrar como se estiveran ben feitos.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Sra. alcaldesa: o traballo está feito e está entregado e está repartido, co cal non hai motivo para non pagar esa factura, senón habería o informe correspondente, e iso vostede tampouco non o viu.

Sra. voceira: a ver, eu xa non lle pregunto por ningún..., que vai pedir un informe técnico para dicir que un calendario está mal feito? Pois se lle fai falta a vostede un informe técnico para iso...

Sra. alcaldesa: non, pero si que habería algún tipo de reparo se non se puidera pagar unha factura.

Sra. voceira: imaxino que a estas alturas o reparo aínda non estaría feito, ou si?

Sra. alcaldesa: si

Sra. voceira: preguntaremos entón a Secretaría ou Intervención porque non hai reparo cunha factura de algo que se paga que non está correcto.

Sra. alcaldesa: o traballo está feito.

Sra. voceira: mal, pero....

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e corenta minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e do secretario, que dá fe.

O secretario

Federico Suárez Cancelo

V. e pr.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez